

8. O REFORMISMO BORBÓNICO EN GALIZA¹

ORIENTACIÓNS DA CIUG: Nesta pregunta o alumnado debería ser capaz de explicar de forma xenérica, o que se entende por reformismo borbónico, así como as iniciativas levadas a cabo en Galiza polos Borbóns durante o século XVIII, debidas a súa importancia xeo-estratéxica.

Estudo para a PAU: Centrarse construción do arsenal de Ferrol e as súas repercusións.

0. Contexto

A Galiza do s. XVIII segue a ser un territorio periférico, mais de vital importancia para o Reino en termos de comercio marítimo e na defensa tamén marítima fronte os ataques das frotas estranxeiras, especialmente as inglesas, que se dirixían a saquear as cidades costeiras ou a capturar barcos cargados de mercadorías procedentes de América. Neste contexto, os Borbóns crean novos servizos e institucións que afectan a Galiza dunha forma directa. Destacamos as seguintes.

1. Intendencia do Reino de Galiza

Creada en 1712, foi definitivamente restablecida en 1718. A súa sede foi establecida na Coruña e converteuse na principal institución potenciadora do desenvolvemento económico de Galiza.

O intendente tiña amplas funcións en temas relacionados co exército (recrutamento de soldados, aloxamento e abastecemento de tropas, fortificación de cidades), a facenda (administración e control das rendas e contribucións reais), a xustiza e a policía (ordenanzas e proxectos de mellora de vilas e cidades).

A Intendencia do Reino de Galiza deixou de funcionar a partir dos anos sesenta do século XVIII e desapareceu en 1775.

2. Matrícula do mar

É un sistema de recrutamento ideado no s. XVIII para dotar aos buques da Armada de tripulacións competentes. A diferenza doutros modelos baseados en levas que enrolaban aos seus mariñeiros maioritariamente á forza, a Matrícula perseguía facelo dun xeito máis xusto, mediante una inscrición xeneralizada. Iso si, o servizo era obrigatorio até os 60 anos. Teoricamente, o servizo naval compenseuse con privilexios de orde militar (a exención de quintas e de levas para o Exército), xurisdicional (o foro da Mariña) e económico (a controvertida exclusividade das actividades marítimas), que non sempre se respectaban. O sistema foi instaurado polo ministro de mariña José Patiño en 1737 para todo o Estado e tivo unha enorme repercusión en Galiza

A matrícula do mar non tivo o éxito agardado. Segundo o historiador Jose Manuel Vázquez Lijó², á falta de verdadeiros incentivos uniuse a conxelación salarial do servizo. Os soldos, igual que as pensións de invalidez e viuvez, abonáronse con considerable retraso, causa fundamental de abundantes desercións. A matrícula foi complicada de xestionar, posiblemente desalentou as inversións no sector pesqueiro, non logrou o alistamento e control de todos os profesionais do mar nin cubrir por completo as demandas de homes para a Armada en tempo de guerra. Con todo, Galiza achegou até un cuarto dos matriculados das floras da Armada.

3. Arsenal de Ferrol

Ao remate da Guerra de Sucesión, Felipe V e os seus sucesores víronse na obriga de modernizar o exército e a armada para reforzar a posición da Monarquía Hispánica no contexto internacional. No relativo á mariña, a armada española era fundamental na defensa das rutas comerciais con América. Seguindo os

¹ Texto que contén fragmentos do material do IES San Rosendo, de Andrea Montero do IES da Guía, dos esquemas de Somos Historia de Miguel Abreira e tamén de Villares, Ramón (2004): *Historia de Galiza*, Ed Galaxia, Vigo.

² VÁZQUEZ LIJÓ, José Manuel. "La Matrícula de Mar y sus repercusiones en la Galiza del siglo XVIII". Obradoiro de Historia Moderna, 2006, 26, pp. 289-322.

principios do absolutismo centralista da nova filosofía de goberno, Felipe V, alén de establecer o recrutamento obrigatorio, unificou as distintas escuadras nunha única Armada Real.

Para unha mellor administración, José Patiño, ministro de Felipe V, dividiu a costa en tres Departamentos Marítimos en 1726: Cádiz, Ferrol e Cartaxena. En cada unha desas cidades estableceuse un arsenal, seguindo o modelo francés de instalacións combinadas de estaleiros e almacéns de armas, que fomentaron a construción naval e o incremento de buques de guerra. Estas políticas terán continuidade no reinado de Fernando VI que intentará reforzar a posición internacional da Monarquía Hispánica e prestará atención prioritaria ao desenvolvemento e modernización da armada a mans do marqués da Ensenada.

No caso de Ferrol, o señor xurisdiccional da zona, o Conde de Lemos, tivo que ceder os seus dereitos ao rei (1733), para poder desenvolver a actividade industrial. A escolla inicial para o emprazamento das instalacións será nas ribeiras da Graña, a carón de Ferrol, mais a partir de 1746 Fernando VI e o seu ministro Marqués da Ensenada trasladan á vila de Ferrol as instalacións. A transformación social e urbanística será total. Se en 1717 era unha vila de apenas 247 veciños, no censo de Floridablanca (1787) contará con case 25 000 habitantes.

En 1776, para a formación dos mandos militares da Armada, creouse a Academia de Garda Mariñas. A chegada masiva de poboación obrigou a engadir ao núcleo orixinario, o Ferrol Vello, os novos barrios de Esteiro, para acoller aos traballadores, e o da Madalena, ocupado principalmente polos oficiais da Armada.

Ao tempo que medraba a poboación e se construían os novos barrios segundo un plano racional e ortogonal moi do gusto dos arquitectos ilustrados da época, fortificábase a ría e construíanse nas gradas do estaleiro de Esteiro os primeiros doce navíos (O Apostolado).

A Ferrol viñeron traballar os mellores técnicos do momento en España (Jorge Juan, Julián Sánchez Bort, Francisco Llovet, Miguel Marín, etc.), e aos seus estaleiros acudían xentes de toda Galiza e de fóra dela, pois calcúlase que a mediados do século XVIII traballaban na construción naval uns quince mil obreiros.

Ademais, esta industria naval precisaba doutras instalacións complementarias (madeireira, téxtil, fundición etc.), polo que ben se pode comprender que a actividade en Ferrol na segunda metade do século XVIII era realmente única.

4. Apertura do comercio colonial

Na segunda metade do século XVIII os gobernos de Carlos III intentaron desenvolver políticas reformistas inspiradas nos principios ilustrados sen renunciar ao absolutismo político. Entre as medidas reformistas, que buscaban o desenvolvemento económico, destaca a política de liberalización do comercio con América que suprimiu o monopolio deste comercio do que gozaba Cádiz. En 1765 permitiuse comerciar directamente con América a varios portos españois, entre eles o de A Coruña. Ademais, no ano anterior (1764), o goberno de Carlos III establecera en A Coruña o Servizo de Correos Marítimos. Esta era unha compañía estatal de buques encargada de levar a correspondencia oficial e privada cara ao porto da Habana e, desde 1767, a Bos Aires. Ademais, estes buques tamén podían transportar persoas e mercadorías, agás nos períodos bélicos nos que se transformaban en navíos de guerra. Ambas concesións contribuíron a favorecer o crecemento comercial de A Coruña e a renovación urbanística e portuaria da cidade.

A existencia dos Correos Marítimos, o privilexio de poder comerciar con América, o funcionamento do Arsenal da Mariña, xunto coa existencia de importantes materias primas (como o liño e a sardiña) permitiron, ao longo do século XVIII, o incremento das actividades mercantís en Galiza, principalmente nos seus portos e, en especial, en A Coruña.

5. Consecuencias do reformismo borbónico

Así mesmo, atraídos por esas vantaxes, produciuse o asentamento de numerosos comerciantes foráneos, principalmente vascos, asturianos, maragatos e cataláns. Eles convertéronse nos principais dinamizadores do sector, creando numerosos negocios e introducindo importantes innovacións. Cabe destacar o caso de:

- Os fomentadores cataláns, comerciantes que dinamizaron o sector pesqueiro (principalmente da sardiña) introducindo novas técnicas de pesca (*xávega*) e de conservación (*salga*), así como o traballo asalariado e a comercialización a grande escala.

- proxecto de Antonio Raimundo Ibáñez, que puxo en marcha as Reais Fábricas de Sargadelos (en Cervo na provincia de Lugo), inicialmente un complexo sidero-metalúrxico para abastecer ao exército e logo unha industria cerámica.